O TEATRO ANTES DA GUERRA CIVIL

EXERCICIOS AUTOAVALIABLES

ACTIVIDADE 1.

1. Le o texto 1 da antoloxía.
2. Este texto é o remate da peza teatral de Galo Salinas *Filla...!* Que supón esta peza e o seu autor no panorama do teatro rexionalista?

ACTIVIDADE 2.

1. Le o texto número 2 da antoloxía.
2. Resume o contido da escena.
3. Explica a repercusión e o significado deste drama e o seu autor no seu tempo.

ACTIVIDADE 3.

1. Le o texto 4 da antoloxía.
2. Indica os elementos textuais que definen o texto como dramático.
3. Analiza brevemente os personaxes. Cal é a importancia destes nunha peza teatral daquela época?
4. Analiza a descrición do escenario do comezo do texto, que importancia ten nesta obra?

ACTIVIDADE 4.

1. Le o texto 5 da antoloxía.
2. Repara nas anotacións, a que fan referencia?
3. Que simboliza o cadro, motivo do conflito dramático, nesta peza de Dieste?

SOLUCIÓNS

ACTIVIDADE 1.

2. **Este texto é o remate da peza teatral de Galo Salinas *Filla...!* Que supón esta peza e o seu autor no panorama do teatro rexionalista?**

RESPOSTA:

O teatro rexionalista constitúe o precedente da dramática nacional que promoverán despois as Irmandades da Fala. Esta peza de Galo Salinas, *¡Filla...!, coadro dramático de costumes gallegas, n-un auto y-en verso,* data de 1892 e foi agañadora do único certame de teatro dese ano, o de Pontevedra. Este autor foi dos máis coñecidos dramaturgos galegos e o autor máis representado do século XIX.

De 1896 data o primeiro escrito teórico sobre o noso teatro, da autoría de Galo Salinas: *Memoria acerca de la dramática gallega. Causas de su poco desarrollo e influencia que en el mismo puede ejercer el regionalismo.* Para el non era a falta de textos dramáticos, senón a "absoluta carencia de actores" o atranco fundamental para o desenvolvemento do teatro galego e, como segunda causa, contemplaba o pouco que se falaba o galego entre "nós".

Galo Salinas colabora con Eduardo Sánchez Miño na creación dunha Escola de teatro e anuncian para o 18 de xaneiro de 1903, no Teatro Principal da Coruña, unha función destinada a recadar fondos para crear a **Escola Rexional de Declamación.** A parte galega do programa consistía na estrea en Galicia do drama *¡Filla...!*. Pero en maio dese ano Salinas abandonará a Escola.

As obras deste autor serán representadas tamén polo Conservatorio Nazonal de Arte Galega na súa etapa máis conservadora, na que retoman obras e autores do vello teatro rexionalista.

ACTIVIDADE 2.

2. **Resume o contido da escena.**

RESPOSTA LIBRE

3. **Explica a repercusión e o significado deste drama e o seu autor no seu tempo.**

RESPOSTA.

Xaime Quintanilla Martínez (1898-1936), médico en Ferrol, foi fusilado polas forzas fascistas debido á súa militancia socialista e nacionalista. Escribiu, ademais de *Donosiña, Alén* (1921), inspirada nun suceso real: o dun mestre de ocultismo norteamericano que se suicidou para demostrar que as almas podían volver do Alén. Esta comedia, que nunca foi estreada, levaba ás últimas consecuencias as pretensións do Conservatorio Nazonal de Arte Galega e desenvolvía a acción en Nova Iorque con protagonistas norteamericanos que falan en galego; e a obra inédita *A estraña*, escrita en colaboración con Victoriano Taibo.

Estivo á fronte do cadro de declamación dos Dependentes do Comercio, de Ferrol, que estreou en 1919 a peza de Manuel Comellas Coímbra, *Pilara ou a grandeza dos homildes (1920),* apoloxía "pedagóxica" do mundo mariñeiro na que volve aparecer a vella temática do señorito da cidade que pretende á moza da aldea.

Forma parte xunto con Fernado Osorio, Antón Villar Ponte e outros, do grupo de autores máis renovadores do Conservatorio Nazonal de Arte Galega.

O drama *Donosiña,* de Xaime Quintanilla respondía a todas as esixencias do Conservatorio. Estaba ambientada nas clases altas, mesmo xente que residía en Madrid falaba galego, e o tema era absolutamente universal xa que se trataba dun drama de paixóns con reberetes de intriga. A peza era totalmente nova tanto na perspectiva como na técnica dramática: o adulterio era cometido pola muller que se presenta como vítima da manipulación masculina e, por riba, Andrés é un marido que está disposto a perdoar. Os alicerces da sociedade patriarcal renxerían. E, para completar a desfeita, o ousado dramaturgo utiliza a técnica naturalista, isto é, non priva ao público de presenzar as grandezas e miserias morais dos personaxes: ardentes palabras de amor e desexo, apertas apaixonadas, liortas violentas, e mesmo unha morte será interpretada diante dun público afeito a saber deste tipo de accións por boca dos personaxes. A reacción dos sectores menos progresistas foi inmediata e a obra non chegou a ser representada polo Conservatorio. A peza chegou a representarse en Ferrol en 1920, sendo moi aplaudida polo público, mais a critica foi demoledora con ela, o tema e o seu tratamento eran un escándalo que atentaban contra os alicerces da sociedade.

ACTIVIDADE 3.

1. **Indica os elementos textuais que definen o texto como dramático.**

RESPOSTA:Caracterizan o texto como dramático, basicamente, os seguintes elementos:

En primeiro lugar, o máis visible, é a disposición do texto en forma dialogada. Aparece a voz dos personaxes, a súa intervención directa polo que, en principio observamos a inexistencia dun narrador que relate ou interveña na acción. Isto é o que podemos denominar "texto primario", constituído por unha serie de parlamentos, réplicas e contrarréplicas, acompañadas da indicación nominal do personaxe que fala, que aparece destacado do resto con letras maiúsculas. Neste fragmento da peza de Cabanillas este texto primario serían os parlamentos de: MARÍA MANUELA, ROSARIO, SANTIÑA, MARIRROSA, D. SALVADOR e D. PEDRO.

Ao lado deste texto primario aparece outro, "texto secundario", constituído polas didascalias ou anotacións nas que aparecen as indicacións escénicas que o autor fai sobre diversos aspectos da interpretación dun personaxe, da acción, da ambientación, do tempo etc. Neste caso temos unha primeira indicación da escena ao comezo do texto, nela faise referencia ao espazo *"salón de entrada e recibimento na planta alta..."*, elementos da decoración da casa *"... portas cubertas por cortinón de xeito antigo...",* ao tempo, momento do día *"...son as nove da mañá dun domingo de sol roibo..."* e aos personaxes que interveñen na escena *"...e atópanse no salón Rosario, misia Manuela e Marirrosa."* Podemos encontrar tamén indicacións sobre a acción dos personaxes *" o resto da conversa, ata entrada de D. Salvador e D. Pedro, desenvólvese á présa, namentres as rapazas axeitan os mantiños, botan a derradeira ollada ó espello...","Vén arranxando os cabelos, coa mantilla sen pór" "Rosario e Santiña bican a seu pai".* Este tipo de indicacións, dentro do texto "secundario", pódense denominar *didascalias funcionais* (referen ambientación, decorados, accións...) Tamén estarían dentro destas aquelas que indican a que personaxe vai dirixida a palabra de quen está a falar *"A Marirrosa, a Rosario, a Santiña..."* Seguindo no "texto secundario" podemos diferenciar aínda outro tipo de anotacións que teñen unha función *expresiva,* son aquelas que aluden a aspectos relacionados coas emocións, a psicoloxía dos personaxes, actitudes, carácter... *"Como se a reprendese", "Contemplándoa embobada", "fixándose no dito de Santiña que o marcou sorrindo para Marirrosa", "tomando o aire dun mozo que trouxera bastón e un xaruto na boca".*

Esta tipoloxía textual, é dicir, toda esta información atribúese ao *dramaturgo implícito.* As indicacións proporcionadas polo autor, a través das didascalias, poden

ser moi útiles para converter o *texto dramático* en *texto espectacular,* agora ben, non deixan de ser meras indicacións que terán que pasar necesariamente pola peneira da dramaturxia dos actores, director e demais persoas encargadas de transformar o texto literario a espectáculo teatral.

2. **Analiza brevemente os personaxes. Cal é a importancia destes nunha peza teatral daquela época?**

RESPOSTA: A maioría dos personaxes que aparecen neste fragmento son mulleres, pola súa intervención na acción estes son máis importantes ca os masculinos que só aparecen no final do fragmento. Santiña e Rosario son fillas de D. Salvador *"Rosario e Santiña bican a seu pai"* e D. Pedro é o padriño de Santiña. A protagonista, Santiña, é unha rapaza nova *"que lle pode pedir a catorce anos!".* Algunhas das intervencións dos personaxes axudan a caracterizar outros, por exemplo, Marirrosa di de Santiña, *"Mimosa e garuleira non hai outra!"* ou *"Que faladora!... Se calaras...!".* Entre Rosario e Santiña parece haber unha certa rivalidade: ROSARIO: *"Chegamos tarde! Santiña sempre a derradeira!..."* SANTIÑA: "*... o que é ti, podes falar! Hai dúas horas que andas prendendo alfileres!...".* SANTIÑA: *(A Rosario) "Hoxe erguícheste de mal aire!"* As anotacións tamén serven para definir os personaxes, como xa dixemos máis arriba, informan de actitudes, de xestos... Nestas informacións tamén sabemos cal é a acción xeral da escena: catro mulleres estanse a preparar para iren á misa. Os datos sobre o escenario no que se encontran e, sobre todo, os referidos á vestimenta e á dedicación para prepararense aportan información sobre a procedencia social destas mulleres: vístense con mantilla para iren á misa, préparanse diante de espellos "*de cadro dourado",* arranxan os cabelos, levan *"sombrillas, rosarios e libros de misa".* Todo isto revela que a posición social destas mulleres é elevada, naquela época nin todas as mulleres galegas se vestían así nin habitaban salóns como o desta escena. E é aquí onde radica a importancia da obra de Cabanillas para aquela época pois, por primeira vez aparecen personaxes de ambiente burgués falando galego, e por riba, son mulleres. Esta peza de teatro tenta romper coa dilatada tradición ruralista e mostrar o galego falado por xente de fóra das aldeas. Pódese dicir que é a primeira comedia de costumes señoriais en galego, cando este tipo de teatro, na época, costumaba facerse en castelán. O fragmento analizado refírese á famosa escena en que as señoritas se adobían para iren á misa, escena que resultaría chocante ao publico coruñés da época. A peza foi estreada no Pavillón Lino da Coruña, o 22 de abril de 1919, no acto de presentación do Conservatorio Nazonal de Arte Galega.

3. **Analiza a descrición do escenario do comezo do texto, que importancia ten nesta obra?**

RESPOSTA: A descrición do escenario e *atrezzo* da escena aparece concentrado na didascalia coa que comeza o texto. O escenario é *un salón, por unha porta pódese ver o descanso e a balaustrada dunha escaleira de pedra, as árbores dun xardín, unha mesa e un espello de marco dourado a xogo, cortinóns de xeito antigo...* ´Fica evidente que se trata dun pazo. Se o ambiente descrito é fidalgo, ou burgués, loxicamente, tamén o serán os personaxes que nel actúan. A importancia deste escenario é a mesma descrita anteriormente, revelan un tratamento inusual no teatro galego ao non situar a acción nun ambiente rural e, no entanto, empregar o galego para os personaxes se expresaren. O Conservatorio Nazonal de Arte Galega presentouse con esta obra de Cabanillas xa que consideraba que o teatro ruralista xa tiña o seu público, o dos coros, e que agora era necesario crear o público dun teatro culto e urbano.

ACTIVIDADE 4.

2. **Repara nas anotacións, a que fan referencia?**

RESPOSTA: As anotacións ou didascalias nun texto dramático forman parte dun texto "secundario" que é o que dun xeito máis claro pon de manifesto a presenza do dramaturgo ou autor. Neste texto adoita facerse referencia ao espazo escénico, elementos do decorado..., este tipo de información é o que se chama *didascalias funcionais.* Pero tamén hai outras, as *didascalias expresivas* que referen actitudes, emocións, sentimenetos... dos personaxes que interveñen na escena. Estas segundas son as predominantes neste fragmento d' *A fiestra valdeira* de Rafael Dieste. No anaco que estamos analizando non aparece ningunha anotación referida ao espazo escénico en que se desenvolve a acción, non temos datos do decorado. Deducimos pola intervención dos personaxes que debe de estar o cadro de que falan.

Imos facer unha relación das orientacións que o autor dá nas didascalias sobre a interpretación dos personaxes: *reconcentrada, garimosa, fuxindo de preitos, reprochadora, cariñenta, fiducial...* ten que ser DONA BALBINA. *Moi abraiado, comprendendo, serio, serio de vez, furioso, conténdose, alporizado...* ten que ser DON MIGUEL. E de Adelaida di: *medio a cantar como por burla mimosa, cun falar máis espido e cortante...* Este é o tipo de anotacións predominante. O resto, *didascalias funcionais,* fan referencia ao movementos dos personaxes na escena: "*indo buscar a Adelaida, mentres desaparece dona Balbina, don Miguel pasea alporizado. Detense cando entra Adelaida coa nai, vendo a Donosiña chorar, vaise Adelaida chorando".*

3. **Que simboliza o cadro, motivo do conflito dramático, nesta peza de Dieste?**

RESPOSTA: Se ben a peza, pola ambientación, a caracterización e a conduta manifesta dos personaxes, tería que ser encadrada na tradición naturalista, a presenza do "cadro", especie de obxecto transicional arredor do que se vai estruturando a acción, dálle un marcado carácter simbolista e unha plena actualidade. Nese retrato represéntanse as esencias dun mundo ameazado por mor dun mal entendido modernismo; a súa aceptación ou a transformación sitúa os personaxes en dous bandos que representan os posicionamentos posibles fronte a unha cultura diferenciada que algúns senten marxinal.